



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **4 de outubro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

#### **2.- ANULACIÓN PARCIAL DA RESERVA DE CRÉDITO DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL” PARA O ANO 2018. EXPTE. 148909/301.**

Visto o informe de fiscalización de data 4/10/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2017, adoptou o acordo de aprobar o Marco de Actuación para o Desenvolvemento do programa de prestacións individuais municipais non periódicas de emerxencia social para o ano 2018 (Exp. nº 148909/301).

II. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

III. Aprobeuse neste acordo autorizar o gasto de 842.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2018 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.00.00 “Melloras en fogares” para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares de persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a mobilidade (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).

IV. No actual momento, segundo o estado de execución do orzamento, o gasto realizado nesta aplicación é de 596.111,52€ (Incluído o cuarto libramento nº 20180061488 de 150.000,00€ todavía en trámite de execución). Ademais a previsión do gasto do último trimestre non vai a superar a cantidade de 150.000,00€ polo que, a execución da aplicación orzamentaria non acadaría o importe máximo autorizado no RC nº 201800003752 por 842.000,00€ se non 745.111,52€ quedando un saldo no utilizado de 92.000,00€.

V. No obstante, tendo en conta que os servizos sociais municipais, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, o Concello de Vigo **complementa esas axudas de emerxencia** a través do Programa Municipal de Axudas extraordinarias a familias para gastos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:53	Páxina 1 de 2
SUBVENCIONS	CSV: A8A347-CH373D-23C63E-16HG28-63CXD4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

alojamento, subministros e alimentación incluíndo no seu orzamento a aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”) por 1.640.000,00€ que resolveráanse en próximos datas.

VI. Por outra banda, estamos en trámites de resolver as axudas municipais de libros, material escolar e comedor. O gasto comprometido con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 de comedor é de 1.090.000€ o que implicaría conceder o comedor a 2755 escolares. A intención de esta Concellería é reducir a lista de espera ata o máximo posible. Para elo, este crédito inicial poderase incrementar ata a contía máxima de 120.000€ (Según as Bases aprobadas pola Xunta de Goberno local o 3/05/2018 para a concesión das axudas municipais de libros, material escolar e comedor).

Por tanto, tendo en conta que o crédito inicial poderíase incrementar cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior 40.336,76 €, e mediante diferentes modificacións de crédito, como sería unha transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias do funcional 2310-Benestar Social, consistente en minorar a aplicación orzamentaria 2310.4800000 na cantidade de 64.000,00 € e transferíndoos á aplicación orzamentaria 2310.4810000.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: Anulación parcial do gasto no RC nº 201800003752 da aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 na cantidade de 64.000,00 € co fin de solicitar a Alcaldía-Presidencia, de conformidade coas Bases de execución orzamentarias vixentes, unha transferencia de crédito, entre aplicacións orzamentarias do funcional 2310-Benestar Social, consistente e minorar a mencionada aplicación orzamentaria 2310.4800000 nese importe e transferíndoos á aplicación orzamentaria 2310.4810000, co fin de reducir a lista de espera de comedor.

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 17:53	Páxina 2 de 2
SUBVENCIONS	CSV: A8A347-CH373D-23C63E-16HG28-63CXD4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		